

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 19 de maio de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dezanove de maio do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32643.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de maio 2023.

2.32644.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023 (Expte. 2022075019)

A Deputación de Pontevedra, na Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2023, aprobou as bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2023, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes polo Servizo de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación (CSV: QZLCJSM1IQ3QNFWF), por un importe de 90.000,00 €, con cargo á aplicación 23/332.3322.789.00 do Orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións ás 20 solicitudes que figuran na relación co CSV: 7OY1M72VX67S8HE3, excluindo deste programa as 11 solicitudes que figuran na relación co CSV: 3ETESM6ZG04JI5Y0.



3.32645.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE NIGRÁN, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023- LIÑA 1 – INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTADO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL-2022”, (Expte 2023005802)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).



De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 26/01/2023, por rexistro WEB2023004030 e dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, de petición do *Concello de Nigrán* mediante a que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 592.292,57 euros, con destino ao financiamento do investimento “PAVIMENTADO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL-2022” (Expte. 2023005802), quedando configurada a petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	592.292,57	592.292,57	-----

O concello achega o certificado do secretario municipal relativo a titularidade dos viarios onde se van a realizar as obras obxecto de subvención.

O certificado, emitido en base ao inventario de viarios públicos do Concello de Nigrán aprobado definitivamente polo Pleno en data 28/03/2022, contempla camiños e rúas de titularidade municipal e outros que sendo propiedade do concello entroncan con viarios que pertencen a outras administracións. Non obstante, consta no expediente o informe do Arquitecto Municipal, de data 13/02/2023, no que se confirma que as obras recollidas no proxecto técnico desenvólvense exclusivamente no dominio público municipal, sen afectar a terreos de titularidade privada ou doutras administracións distintas á municipal.

En canto a área definida como Zona Verde V-40 de A Ramallosa, sinalar que mesma non se atopa catalogada no inventario de camiños ao non ser nun sentido estrito un viario. Non obstante, esta zona considérase de titularidade municipal ao pertencer ao sistema de espazos libres e zonas verdes así identificadas nos planos de ordenación das NN.SS do Plan Municipal do concello de Nigrán.



Constan no expediente as seguintes autorizacións, declaracións ou informes sectoriais:

- Comunicación Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Departamento de Estudos do Territorio), sobre a non obrigatoriedade de informe favorable de dito organismo.
- Autorización do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.
- Autorización da Dirección xeral de patrimonio cultural.
- Autorización de AXI.
- Autorización servizo de Urbanismo da Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Costas).
- Declaración responsable en materia de augas presentada ante a Xunta de Galicia de acordo co disposto no Decreto 42/2020, de 30 de xaneiro.
- Informe do Arquitecto municipal, de data 06/03/2023, sobre a non necesidade de autorización da Dirección xeral de aviación civil.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 10/05/2023. Mais a concesión debe quedar condicionada a que o concello achegue a acta de trazado debidamente dilixenciada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) n° 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 10/05/2023, e da Xefa do Servizo de Cooperación da mesma data que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/05/2023, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF: P3603500D, a cantidade de 592.292,57 € con destino ao financiamento do investimento “PAVIMENTADO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2022-NIGRÁN” (Expte. 2023005802), en base a un orzamento do mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	592.292,57	592.292,57	

- A concesión da subvención realízase contra a aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito para facer fronte ao gasto. Mais, a presente concesión debe quedar condicionada a que o concello de Nigrán achegue a acta de trazado debidamente dilixenciada.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.32646.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A “RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023”. (Expte. 2023004609)

A Deputación de Pontevedra, na Xunta de Goberno do 17 de febreiro de 2023, aprobou as bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes polo Servizo de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación (CSV:2ZFAZO5FZEWKS51C), por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 23/332.3322.789.01 do Orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións ás 17 solicitudes que figuran na relación co CSV: 35Z76JPU7P31S959.

5.32647.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023.(Expte. 2022076149)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2023 e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola área de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05 do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións ás 8 solicitudes para apoiar o desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2023 (CSV: RTY3RPB2DJ6B5OJ8).

6.32648.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2023 ” (Expte.2023034977)

A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, no exercicio das súas respectivas competencias, en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións, desenvolven accións de cooperación na planificación e execución de proxectos e actuacións de ámbito cultural e deportivo.

Co fin de colaborar no desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023”, ambas entidades elaboraron conxuntamente unha proposta de convenio de colaboración. Trátase dun festival que se vén realizando na cidade de Vigo dende o ano 2001 e que terá lugar os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023, constituíndo un referente de carácter internacional nos eidos do deporte e cultura urbanas. A súa vez, o festival atópase incluído no programa “Rias Baixas Fest” da Deputación de Pontevedra e no programa “Vigo en festas 2023”.



O Concello de Vigo presenta os días 05/05/2023, 08/05/2023 e 09/05/2023 no Rexistro da Deputación (núms. rexistros WEB2023030343, WEB2023030883 e WEB2023030998, respectivamente) a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.

Na data 09/05/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa sobre o interese público da actuación e, pola súa banda, na mesma data 09/05/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2023.

Consideracións xurídicas:

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2023, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia das administracións:

- Artigo 25.2 da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2 da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; promoción da cultura e equipamentos culturais; e información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Competencia para resolver:

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade cos artigos 35 da LRBRL e 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público, social e cultural que representa esta actuación, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais e promover a celebración do festival “O Marisquiño 2023”.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023”.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista de todo o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2023”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2023”.

En Vigo, na data da sinatura electrónica.

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Dontra, don Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, desenvolverán accións para potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, en concreto mediante programas e actividades de promoción da cultura.

III. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da citada Lei 7/1985, e en concreto aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Pola súa banda, a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

IV. Que “O Marisquiño”, festival que se vén celebrando en Vigo dende hai 20 anos, consolidouse na oferta actual de festivais, constituíndo unha referencia de carácter internacional no ámbito do deporte e cultura urbanas. A ampla axenda do festival, que inclúe probas deportivas que puntúan nos respectivos campionatos mundiais xunto cunha destacable oferta musical, artística e cultural, en combinación coa localización privilexiada no porto de Vigo. “O Marisquiño” atópase incluído no programa “Rías Baixas Fest” da Deputación de Pontevedra e no programa “Vigo en Festas 2023”.

V. Que o gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais xunto coa presenza de deportistas de máis de trinta nacionalidades, así como a retransmisión en streaming das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, caracterizan “O Marisquiño” como unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, en constante crecemento, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custo como impacto.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2023, recolleunha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.



VII. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023” que terá lugar os días 11,12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo.

SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CIENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€) SEN IVE para facer fronte aos gastos relacionados co festival “O Marisquiño 2023”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 23/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

TERCEIRO. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	TOTAL
2023	180.000,00€

2º. O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa empresa *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*, CIF B36957132, para o festival “O Marisquiño 2023” que se desenvolverá os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo. A antedita empresa ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”. A marca atópase debidamente rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas a nome de don Carlos Domínguez Fernández, propietario único de *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.

3º. O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º. A administración municipal remitirá á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a empresa *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*, para o festival “O Marisquiño 2023” que se desenvolverá os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo. A empresa *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”.



- *Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.*
- *Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refire, prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:*
 - o *Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Ulisesproject Eventos Especiales, SLU, para o festival “O Marisquiño 2023”; o Memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;*
 - o *Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;*
 - o *Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;*
 - o *Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;*
 - o *Certificación de pagamento a favor de Ulisesproject Eventos Especiales, SLU, asinada polo tesoureiro do Concello de Vigo;*
 - o *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
- *Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, de 17 do novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

QUINTO. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CIENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€), sen IVE, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 23/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios [Vigo e Pontevedra]).

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Ulisesproject Eventos Especiales, SLU, obxecto deste convenio, á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos e, se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.



A Deputación prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00€.

SEXTO. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á edición do festival “O Marisquiño 2023”, en todos os formatos, figurarán os logotipos da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival “O Marisquiño 2023”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da citada Lei 38/2003.

SÉTIMO. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou/ e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

OITAVO. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*



A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO. VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2023.

DÉCIMO. EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución:

1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º. O acordo unánime dos asinantes.

3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º. Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio por parte de Ulisesproject Eventos Especiales, SLU.

UNDÉCIMO. RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e Control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

Polo Concello de Vigo

O alcalde-presidente,

Don Abel Caballero Álvarez

Pola Deputación Provincial de Pontevedra

A presidenta,

Dona María del Carmen Silva Rego

A secretaria,

Dona Susana Gallardo Fariña

O secretario,

Don Carlos Cuadrado Romay



- Facultar á presidenta para formalizar o devandito Convenio de Colaboración mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

7.32649.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A “PROMOCIÓN DA MOBILIDADE DO SEU ESTUDANTADO CON APOIO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO INTERNACIONAIS, DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO, PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS+ESTUDOS E PROGRAMAS DE INTERCAMBIO CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS (PRAZAS PROPIAS, ISEP E GE4) 2023 24”. (Expte. 2023010821)

Vista a solicitude da Universidade de Vigo presentada en sede electrónica de data 8 de febreiro de 2023 e rexistro de entrada n.º 2023002388, remitindo proposta de convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para a promoción da mobilidade internacional e solicitando formalmente apoio para complementar as bolsas dos estudantes que gozarán dunha bolsa de intercambio durante o curso 2023-2024, para a promoción das mobilidades entre o estudiantado da Universidade e sobre todo para permitir a participación daqueles con menos recursos económicos. Con posterioridade, a Universidade de Vigo tamén presentou a declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias aos efectos de obter unha subvención outorgada polas Administracións Públicas.

Visto o Informe do Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 17 de marzo de 2023 no que se determina que a achega económica pode concederse mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora; e que o artigo 22.2.c da lei 38/2003 de 17 de novembro establece que “*poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario*”, e que con esta iniciativa contribúese a fomentar e mellorar a empregabilidade do emprego e a formación dos titulados universitarios dos campus de Pontevedra e Vigo de cara á súa futura integración laboral así como, de xeito indirecto, o desenvolvemento económico da nosa provincia. Ademais, só existe unha universidade pública na provincia de Pontevedra, polo que a Universidade de Vigo (Campus Pontevedra-Vigo) é a única entidade que pode levalo a cabo.



Visto o informe favorable da Intervención de data 2 de maio de 2023 no que entre outros, precisa que o importe total das axudas acada 100.000,00€ e imputarase con cargo á aplicación 23/240.2412.481.01, na que existe crédito para tal fin retido mediante documento R.C. núm. 202300090414. Sinala que o órgano competente para a aprobación do presente convenio é a Xunta de Goberno, de acordo coas bases aprobadas para a aprobación do orzamento.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, consistente no outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000€ cada unha e que servirán para completar as bolsas ao abeiro das distintas convocatorias existentes no programa Erasmus+, para a promoción da mobilidade de estudantes da convocatoria de Erasmus+ Estudos (que facilita a realización de estudos en diferentes universidades europeas) e para as convocatorias de prazas en países extra comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4), e as cantidades que se detallan, de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes, así como o texto do mesmo, cuxo teor literal é o seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, COMO ENTIDADE COLABORADORA, PARA A PROMOCIÓN DA MOBILIDADE DO SEU ESTUDANTADO CON APOIO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO INTERNACIONAIS, DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO, PARTICIPANTES NO PROGRAMA ERASMUS+ESTUDOS E PROGRAMAS DE INTERCAMBIO CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS (PRAZAS PROPLAS, ISEP E GE4).

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta do devandito organismo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019 con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.



Ante o secretario desta Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay, que dá fe deste acto, ambas as partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro da esfera das súas competencias, sendo os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos básicos e o fomento e administración dos intereses da provincia, entre eles as oportunidades de acceso a una maior cualificación profesional da mocidade.

2.- Que a Universidade de Vigo, creada pola Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, e como organización pública que é, está ao servizo da sociedade, constituíndo unha das súas actividades a participación en programas de mobilidade nacional e internacional nos que poida participar a comunidade universitaria.

3.- Que a Universidade de Vigo, como titular da “Erasmus Charter for Higher Education” que lle faculta para participar no programa Erasmus+, leva varios anos sendo beneficiaria de axudas neste programa. Igualmente, esta universidade realiza convocatorias de bolsas propias de intercambio internacionais.

4.- Que ambas partes, coa posta en marcha das diversas convocatorias de mobilidade dentro do programa Erasmus+ e na convocatoria de bolsas propias de intercambio internacionais, queren promover a participación do alumnado universitario coa finalidade de contribuír á formación integral do estudantado e á súa adaptación ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria e extra-comunitaria.

De acordo co indicado, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

Establecer as bases de colaboración entre a Universidade de Vigo, como entidade colaboradora, nos campus de Pontevedra e Vigo, e a Deputación Provincial de Pontevedra para ou outorgamento de 100 bolsas por importe de 1.000€ cada unha (80 bolsas Erasmus+ Estudos e 20 bolsas propias, GE4 e ISEP) e que servirán para completar as bolsas ao abeiro das distintas convocatorias existentes no programa Erasmus+, para a promoción da mobilidade de estudantes da convocatoria de Erasmus+ Estudos (que facilita a realización de estudos en diferentes universidades europeas) e para as convocatorias de prazas en países extra comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4), de xeito que redunde en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia de Pontevedra e dos seus habitantes.



A distribución das bolsas antes comentadas (por un lado, 80 bolsas para Erasmus+ estudos e, por outro, 20 bolsas para Bolsas propias, ISEP e GE4) poderán ser obxecto de modificación cando non existan candidatos que cumpran os requisitos establecidos nun dos grupos, sempre que as bolsas non superen seu conxunto o número de 100 e por importe de 1.000€ cada unha.

SEGUNDA.- Obrigas da Deputación de Pontevedra

Son obrigas da Deputación de Pontevedra:

Transferirle á Universidade de Vigo, para potenciar a mobilidade no cadro do programa Erasmus+, como complemento das bolsas, e como complemento de bolsas propias de intercambio, a achega económica de 100.000 euros para o financiamento de axudas complementarias destinadas aos bolseiros/as de Erasmus+ Estudos da universidade e para os bolseiros das convocatorias de prazas en países extra comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4) seleccionados nos centros de Pontevedra e Vigo.

TERCEIRA.- Obrigas do alumnado beneficiario

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.*
- b) Xustificar ante entidade colaboradora o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade que determine a concesión e goce da subvención, nos termos establecidos nas respectivas convocatorias dos programas Erasmus+ e nas convocatorias de bolsas propias que se desenvolvan dende a Universidade de Vigo.*

CUARTA.- Obrigas da entidade colaboradora

Son obrigas da entidade colaboradora:

- a) Entregarlle ao alumnado beneficiario os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos no presente convenio.*
- b) Comprobar, no seu caso, o cumprimento das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade que determine a concesión da subvención.*
- c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante a Deputación de Pontevedra.*
- d) Publicar as convocatorias para a selección de estudantes participantes nos programas de Erasmus+ Estudos, así como de solicitar a financiación europea perante o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).*
- e) Publicar as convocatorias de prazas en países extra comunitarios (prazas propias, ISEP e GE4) para a selección de estudantes participantes.*
- f) Asumir a organización, desenvolvemento e xustificación das actividades de mobilidade de estudantes referidas nesta cláusula.*



g) *Comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra a relación de estudantes beneficiarios, así como as contías individuais asignadas a estes ao abeiro do presente convenio de colaboración.*

h) *Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para percibir subvención.*

QUINTA.- Financiamento

A financiación deste convenio, que ascende a 100.000€, farase con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2412.481.01 do orzamento de gastos da Deputación de Pontevedra.

SEXTA.- Pagamento e xustificación

A axuda económica que se concede á Universidade de Vigo solicitada á Deputación de Pontevedra terá un importe de 100.000€, dos que 60.000€ se pagarán na data da sinatura do convenio, unha vez xustificada o inicio da execución do programa, e os 40.000€ restantes unha vez que presenten a xustificación das 100 mobilidades.

A Universidade de Vigo deberá xustificar perante a Deputación Provincial de Pontevedra o importe individual de cada bolsa concedida especificando o programa (Erasmus+ Estudos, prazas propias, ISEP ou GE4), mediante xustificación bancaria, o nome, apelidos e DNI, titulación e campus no que está matriculado o/a beneficiario/a, a duración da estadía financiada (data de chegada e partida) e o país de destino. Esta xustificación farase unha vez aboadas todas as bolsas ao estudiantado seleccionado tendo como data límite o 31 de outubro de 2024.

Así mesmo, a Universidade de Vigo deberá xustificar a financiación recibida como achega complementaria ao programa Erasmus+ perante o SEPIE.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes obríganse, coa formalización deste convenio, a facer públicos os datos relativos á achega económica outorgada por medio deste convenio.

OITAVA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

a. *O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.*

b. *O mutuo acordo das partes.*

NOVENA.- Duración do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e o seu período de vixencia rematará o 30 de novembro de 2024, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar, de forma expresa, o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.



DÉCIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, á que lle corresponderá a interpretación do convenio e a resolución de controversias que se poidan xerar na súa execución.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SEGUNDA.- Protección de datos

As partes manifiestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das normas de desenvolvemento que a cada parte lles resulten aplicables.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo e a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio. Así mesmo, os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio. Non obstante, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e cumprimento da normativa de transparencia e acceso á información pública aplicable á Universidade de Vigo e, de ser o caso, á outra parte.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes, sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Baixo os termos referenciados e en proba de conformidade, asinan e rubrican as partes este convenio.”

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.



8.32650.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO”.
(Expte. 2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a derivada do traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto elaborado por PROYFE S.L., co CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND), cun prazo de execución de oito (8) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2022 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 30/09/2022; prazo ampliado posteriormente ata o 28 de febreiro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de setembro de 2022 (acordo nº 10.32104).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 13.01.2023, acordou aprobar o proxecto modificado da obra “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO”, por importe de 2.745.532,96 € e conceder unha prórroga de UN (1) MES na execución do citado proxecto, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de marzo de 2023 (acordo nº 18.32461), prazo ampliado ata o 28 de maio de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 14.32451, de data 17 de marzo de 2023.

Resultando.- Que o 08.05.2023 (registro web2023030827) tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita unha ampliación do prazo na execución da obra por un período de TRES (3) MESES, “...xa que como consecuencia da suba de prezos dos derivados do petróleo quedou deserto o expediente de contratación pública licitado con TSA0075332 (subministro e execución de estendido e compactado de aglomerado en quente en barro das instalacións do novo Parque de Maquinaria), circunstancia que obrigou a iniciar un novo expediente de contratación o que repercute negativamente no cumprimento dos prazos antes sinalados. Así mesmo, o retraso no comezo da obra de demolición do Parque de Maquinaria da Xunqueira ao estar pendentes de obter a preceptiva licenza municipal, incidiu no traslado das marquesiñas alí abicadas que se instalarán no novo parque, así como no acopio das terras das escavacións de Barro na propia Xunqueira...”



Resultando.- Que con data 11.05.2023 emitiu informe a dirección facultativa recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa e que as características técnicas das obras non se verán afectadas por esta ampliación, entendendo xustificada a concesión da prórroga do prazo de execución ata o 28 de agosto de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario e do Interventor, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolvese sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.



Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de TRES (3) MESES na execución do proxecto de traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de agosto de 2023.

9.32651.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO-SILLEDA, DENDE O P.Q. 21+070 AO P.Q. 22+444 (CONCELLO DE SILLEDA)” (Expte.2023034993)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP-7201, que transcorre polos Concellos de Forcarei e Silleda, e concretamente do treito que transcorre entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444.

Resultando.- Que a E.P. 7201 é unha estrada de dobre sentido de circulación e no treito de actuación do proxecto, a estrada conta con dous carrís de circulación cun ancho de plataforma variable, sen beirarrúas nin sendas peonís en ningunha das marxes en case todo o tramo, que permita a mobilidade peonil de forma segura e cómoda.

Resultando.- Que debido a esta circunstancia no treito entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)” para dotar a zona dunha zona de tránsito peonil segura.

Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Silleda, e concretamente entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444 da E.P. 7201, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación. Para acadar tal fin as actuacións consisten na execución dunha senda peonil de formigón coloreado de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda entre ditos P.Q. creando un itinerario peonil continuo e seguro. A maiores, o proxecto contempla tamén a renovación da capa de rodaxe da estrada, a execución dunha nova rede de pluviais e un treito da rede de saneamento, así como a instalación dunha rede de alumeadado soterrada e a implementación de novas luminarias segundo o indicado no proxecto. O proxecto inclúe a renovación da sinalización no treito e a construción de muro de sostemento onde sexa preciso.

Resultando.- Que con data 13 de marzo do 2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda, o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro– Silleda, dende o PQ 21+070 ao PQ 22+444”, por importe de 799.014,36 € (IVE incluído).



Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Pontearreas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	639.211,49 €	80
Concello de Silleda	159.802,87 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	799.014,36 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: VYUSP59LUQPKO0KW), solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, con informe favorable de supervisión do enxeñeiro Eduardo Artime Rial adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)”, cun orzamento base de licitación de 799.014,36 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) VZQ36F3U9487M884.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 799.014,36 €, con número de operación 202300045767 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultado.- Que pola Intervención emitiuse informe de fiscalización do proxecto (CSV) TI0BWGVDHGP21B6Q, no que se recolle o seguinte: “...*infórmase favorablemente o expediente...*”

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 24 de febreiro de 2023 asinado polo enxeñeiro de camiños do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, onde se fai constar que as obras a executar compren coa normativa urbanística e coa normativa de avaliación ambiental. A totalidade da actuación atópase dentro da zona de dominio público, polo que non é precisa a ocupación de ningún terreo de propiedade privada.



Considerando.- Que non se considera necesario ningunha autorización a maiores derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra de "*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)*" redactado enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, cun orzamento base de licitación de 799.014,36 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) VZQ36F3U9487M884.

10.32652.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN (Expte. 2021062944)

Na sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de servizo de "*asistencia técnica en materia de produción e xestión de residuos de construción e demolición*" á empresa Galaicontrol, S.L (NIF: B36651487), polos prezos e valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 26 de xullo de 2022 e o prazo de duración é de un ano contado desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas de unha (1) anualidade de duración cada unha.

Con data 18 de abril de 2023 o Director de Infraestruturas e Vías provinciais, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos desde o 26 de xullo do 2023 ao 25 de xullo de 2024.



Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 19 de abril de 2023 (data de comparecencia: 19/04/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 26 de abril do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202300088018, polo importe de 29.040,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023. Igualmente, consta no expediente informe de intervención, con CSV: TOSDNJI3HDF5L94M, sobre o 10% de exceso previsto no que se indica:

“Na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.22 existe crédito retido por importe de 3.236,42 € mediante documento RC nº 202300007483, o cal emitiuse para financiar o exceso no número de asistencias técnicas realizadas no primeiro ano de vixencia do presente contrato, o cal non se consumiu e é suficiente para facer fronte ós posibles excesos que se produzan durante a primeira prórroga do mesmo.”

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 15 de maio do 2023 (CSV: GYLWU8IT4MZUF2EQ), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato por un (1) ano, desde o 26 de xullo do 2023 ata o 25 de xullo do 2024.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 26 de xullo do 2023.”

Visto o informe do Director de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 04/04/2023 e con CSV: CK2FXV59I4MUDPLO, no que se propón un cambio de responsable do contrato por mor da baixa laboral que afecta ao actual responsable.



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Autorizar o cambio de responsable do contrato de “*Asistencia técnica en materia de producción e xestión de residuos de construción e demolición*”, pasando o nomeamento do enxeñeiro xefe dos servizos técnicos D. Francisco Alonso Fernández á enxeñeira Dna. María del Mar González Estévez.

2.- Aprobar a prórroga do contrato do “*Asistencia técnica en materia de producción e xestión de residuos de construción e demolición*” subscrito coa empresa Galaicontrol, S.L (NIF: B36651487), durante o período desde o 26 de xullo do 2023 ata o 25 de xullo do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2023	23/456.4530.612.02.2022	29.040,00 €
	23/456.4530.612.02.2022 (10% excesos)	2.904,00 €

11.32653.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA “SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B E C PARA A MAQUINARIA E OS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2023019575)

A Deputación de Pontevedra conta con diversos centros de traballo e edificacións, que dispoñen de sistemas de calefacción que funcionan con Gasóleo C. Tal é o caso do Pazo Provincial, o Edificio Administrativo, a E.F. Areeiro e a Escola de Canteiros. Así, os Servizos aos que están adscritos estas edificacións puxeron de manifesto que as cantidades anuais, en litros, necesarias para manter en adecuadas condicións de climatización os edificios provinciais.

Así mesmo, a Deputación de Pontevedra conta con diversa maquinaria necesaria para o normal exercicio das actividades propias da Institución Provincial, que utilizan o gasóleo clase B para o seu funcionamento. A vista das características deste tipo de maquinaria cada un dos Centros dispón dun depósito onde acumular este tipo de combustible para a súa utilización inmediata cando é preciso.



Tendo en conta o anterior, diferentes centros xestores da Deputación de Pontevedra precisan subministrarnos diferentes depósitos existentes en cada un deles tanto gasóleo clase B como gasóleo de clase C, ao non poder ser incluídos dentro do Sistema de Contratación Centralizada Estatal, xa que neste procedemento a subministración de combustible realízase nas propias estacións de servizo.

En base ao exposto, con data 12/04/2023, o Deputado Delegado de Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral dita providencia de iniciar o expediente para a contratación da *Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra*, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

O contrato proposto ten un prazo de duración dunha anualidade, coa posibilidade de unha prórroga anual, e un orzamento base de licitación de 76.998,35 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Con data 20 de abril de 2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible nas correspondentes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial, quedando retido os correspondentes importes, mediante os documentos de retención de crédito que se sinalan a continuación:

ANO 2023	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios LOTE 1 (con IVE)	Número RC	Importe total incremento número unidades LOTE 1 (con IVE)	Número RC
Lote 1	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	769,56 €	202300085054	76,96 €	202300085068
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	769,56 €	202300085062	76,96 €	202300085069
	FINCA MOURISCADE	410.4120.221.03 (vinculación)	6.733,65 €	202300085063	673,37 €	202300085071
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03 (vinculación)	224,46 €	202300085064	22,45 €	202300085072
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03 (vinculación)	1.282,60 €	202300085066	128,26 €	202300085074
Lote 2	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	4.582,88 €	202300085065	458,29 €	202300085067
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03 (vinculación)	14.054,15 €	202300085073	1.405,42 €	202300085080
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		7.332,60 €	202300085093	733,26 €	202300085100
	ESCOLA DE CANTEIROS	324.3243.221.03 (vinculación)	2.749,73 €	202300085113	274,97 €	202300085122



Así mesmo, con data 20 de abril de 2023, a Intervención emite os seguintes documentos RCFUT1 para o ano 2024:

ANO 2024	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios LOTE 1 (con IVE)	Número RC	Importe total incremento número unidades LOTE 1 (con IVE)	Número RC
Lote 1	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	769,56 €	202300085338	76,96 €	202300085347
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	769,56 €	202300085341	76,96 €	202300085349
	FINCA MOURISCADE	410.4120.221.03	6.733,65 €	202300085343	673,37 €	202300085350
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03	224,46 €	202300085345	22,45 €	202300085351
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03	1.282,60 €	202300085346	128,26 €	202300085353
Lote 2	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	4.582,88 €	202300085133	458,29 €	202300085134
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03	14.054,15 €	202300085136	1.405,42 €	202300085137
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		7.332,60 €	202300085139	733,26 €	202300085141
	ESCOLA DE CANTEIROS	324.3243.221.03	2.749,73 €	202300085144	274,97 €	202300085145

Tendo en conta que, con data 12/05/2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 28/04/2023.
 Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 12/05/2023.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da “*Subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración será de 1 ano, contado desde a data sinalada no documento de formalización do contrato. Establecese a posibilidade dunha prórroga anual.

O valor estimado do contrato, acumulado para os dous lotes, é de 139.997,00 euros.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 76.998,35 euros, conforme ao seguinte detalle:

- Lote 1: 19.559,65 €
- Lote 2: 57.438,70 €

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 438XSXNH2OD1CG71) e de prescricións técnicas (CSV: Q6LTP1I7WDPAFWGD) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 76.998,35 euros, de acordo coa seguinte distribución:

LOTE 1	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios LOTE 1 (con IVE)	Importe total incremento número unidades LOTE 1 (con IVE)
2023 (6 meses)	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	769,56 €	76,96 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	769,56 €	76,96 €
	FINCA MOURISCADE	410.4120.221.03 (vinculación)	6.733,65 €	673,37 €
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03 (vinculación)	224,46 €	22,45 €
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03 (vinculación)	1.282,60 €	128,26 €
2024 (6 meses)	MEDIO AMBIENTE	410.4100.221.03	769,56 €	76,96 €
	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	769,56 €	76,96 €
	FINCA MOURISCADE	410.4120.221.03	6.733,65 €	673,37 €
	COOPERACIÓN	942.4330.221.03	224,46 €	22,45 €
	ARQUITECTURA	920.9200.221.03	1.282,60 €	128,26 €



LOTE 2	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministración ordinarios Lote 2 (con IVE)	Importe total incremento número unidades Lote 2 (con IVE)
2023 (6 meses)	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	4.582,88 €	458,29 €
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03 (vinculación)	14.054,15 €	1.405,42 €
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		7.332,60 €	733,26 €
	ESCOLA DE CANTEIROS	324.3243.221.03 (vinculación)	2.749,73 €	274,97 €
2024 (6 meses)	E.F. AREEIRO	413.4123.221.03	4.582,88 €	458,29 €
	PAZO PROVINCIAL	920.9200.221.03	14.054,15 €	1.405,42 €
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		7.332,60 €	733,26 €
	ESCOLA DE CANTEIROS	324.3243.221.03	2.749,73 €	274,97 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato ás seguintes persoas:

- LOTE 1: Xefatura de Medio Ambiente
- LOTE 2: Xefatura do Servizo de Arquitectura

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

12.32654.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0104 RAMAL - IGREXA DE FIGUEIRIDO (VILABOÁ)” (Expte. 2022074028)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0104 Ramal Igrexa de Figueirido, que transcorre polo Concello de Vilaboa e que ten unha lonxitude de 636 m.

Resultando.- Que a E.P. 0104 que serve de acceso á Igrexa de Figueirido é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma reducida, con beiravías de escasa entidade e sen beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios, nun treito de importante afluencia de tránsito peonil (os principais focos de atracción son o Cemiterio e a Igrexa de Santo André de Figueirido).

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*” coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no concello de Vilaboa, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-0104 (Igrexa de Figueirido) entre os PP.QQ. 0+000 e 0+636. O itinerario consta de 636 m de lonxitude, ao longo do cal se contempla ademais das obras de pavimentación e construción da senda peonil de formigón coloreado, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servicios afectados pola execución das obras.

Resultando.- Que Con data 14 de marzo de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa, convenio de colaboración para a execución do proxecto de obras “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, por un importe de 502.647,50 €

Resultando.- Que no citado convenio, recóllese que os investimentos necesarios par a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o Concello de Vilaboa mediante as seguintes cantidades:

Entidade	Achega	%
Deputación de Pontevedra	351.853,25 €	70
Concello de Vilaboa	150.794,25 €	30
Total investimento	502.647,50 €	100

Resultando.- Que recolle tamén que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro José P. Gosende Tuñas, adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, cun orzamento base de licitación de 502.647,50 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) TZHRLA28TKEQKIE7.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300005568 por importe de 351.853,25 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 e RC número 202300039550 por importe de 150.794,25 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 39 da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia.

Resultando. Que na providencia de inicio do expediente recóllese no apartado referente á xustificación de prezos o seguinte: “...Segundo se recolle no anexo de xustificación de prezos do proxecto o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP...”

Resultando.- Que así mesmo consta no expediente autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022 acordou aprobar definitivamente o proxecto “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP-0104 ramal Igrexa de Figueirido (Concello de Vilaboa)*”, cun orzamento de licitación de 502.647,50 €.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 3 de marzo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, cun orzamento base de licitación de 502.647,50 €.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 30/03/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L..

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avallaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, con data 10/04/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	A memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación Sobre "A"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	2,00	22,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,00	3,00	25,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/04/2023 en base ó informe enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, de data 10/04/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta Económica	Control Calidade	Prazo DE Garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	407.933,76 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	383.009,09 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	392.646,62 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	385.916,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	394.931,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	414.663,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	395.679,13 €	3%	36 MESES	SI	SI



Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, non consta que CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/04/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Valoración Económica	Prazo De Garantía	Control Calidade	Certificados 9001/14001	Puntuación Sobre "B"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	6,51	5,00	5,00	5,00	21,51
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,02	5,00	5,00	5,00	34,02
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	23,98	5,00	5,00	5,00	38,98
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	17,33	5,00	5,00	5,00	32,33
NAROM, S.L.	0,65	5,00	5,00	5,00	15,65
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	16,78	5,00	5,00	5,00	31,78

Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou Propor ó Órgano de Contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.



Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*” que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	38,98	56,98
2	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	31,78	56,78
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	34,02	56,02
4	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,00	32,33	54,33
5	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	24,00	21,51	45,51
6	NAROM, S.L.	22,00	15,65	37,65

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



Resultando.- Que requirida EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 19.295,85 € € segundo queda acreditado en carta de pago 202300096318 de data 10/05/2023.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. para a adxudicación do Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra “Mellora da seguranza viaría e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal – Igrexa de Figueirido (Vilaboia)” por un importe estimado de 2.117,50 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención (CSV) 6XRXJREXT4IKIIVJ, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 dentro do proxecto de gasto código nº2021041512, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300077848.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (CIF B36239861), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, dacordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	385.916,97 €
IVE (21%)	81.042,56 €
Importe Total.....	466.959,53 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro de proxectos adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, sempre que se aprobara o Plan de seguridade e saúde e o plan de xestión de residuos.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2022 e 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022074028.



4. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal – Igrexa de Figueirido (Vilaboá)*” (Expte. 2022074028), por un importe de 2.117,50 € de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.672,82 €
IVE (21%).....	444,67 €
Importe Total.....	2.117,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que financian o contrato de obras correspondente.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023007169.

13.32655.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte. 2022070641)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 8504 FORNO-CERNADAS que transcorre polo termo municipal de Valga pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 6.449 km.



Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada EP-8504 FORNO-CERNADAS existen dous tramos puntuais nos P.Q. 0+530 e 4+670 que se ven anegados polas crecidas do río Louro, superando o cauce do río a cota da calzada e pasando por enriba da mesma. Con estas crecidas faise imposible a circulación segura por ambos tramos polo que se fai preciso acometer a demolición dos pasos existentes e levar a cabo a execución duns novos pasos que melloren, tanto a capacidade hidráulica do paso, que ata o de agora foi insuficiente, así como a ampliación da plataforma da calzada, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria, adosando espazo para o tráfico peonil.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, Trinidad López Rodríguez, o proxecto de execución da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” cun orzamento base de licitación de 290.782,29 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) Q4AI4P0NTEMA3GS8.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202200262475 por importe de 290.782,29 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente autorización concedida para a realización destas obras por Augas de Galicia e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, así como certificación expedida polo Secretario do Concello de Valga da cesión dos terreos necesarios á Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Tamén consta no expediente informe de supervisión do proxecto emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV 1HCHD8T01ZZWBDO5)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 27/01/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, redactado pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 290.782,29€ IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) Q4AI4P0NTEMA3GS8.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/03/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/04/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- MONCOSA OHS, S.A..

Resultando.- Que a Mesa acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que con data 24/04/2023 o enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
MONCOSA OHS, S.A.	16,00	1,00	17,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/04/2023 en base ó informe do enxeñeiro Xefe de Sección do Servizo de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Jaime David Ruibal, de data 24/04/2023, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.



Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
MONCOSA OHS, S.A.	222.292,25 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que en virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación na mesma reunión procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

Licitadores	Sobre "B"				Puntuación sobre "B"
	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	UN-EN ISO 9001/14001	
MONCOSA OHS, S.A.	22,50	5,00	5,00	5,00	37,50

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	MONCOSA OHS, S.A.	17,00	37,50	54,50

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” á empresa MONCOSA OHS, S.A., (CIF A15050958), por un importe de 268.973,62 IVE incluído.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa MONCOSA OHS, S.A., (CIF A15050958), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4416) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial,, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida MONCOSA OHS, S.A., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 11.114,61 € segundo queda acreditado en carta de pago nº202300096379 de data 10/05/2023

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na execución da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)" por un importe estimado de 2.377,00 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 02/02/2023 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2022070641, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300022070.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.



2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” por un importe de 268.973,62 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	222.292,25 €
IVE (21%)	46.681,37 €
Importe Total.....	268.973,62 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. CÉSAR PAREDES RODRÍGUEZ

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022070641.



3. Adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A281712188) o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra " Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na execución da obra "*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*" por un importe de 2.377,00 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 1.964,46 €
IVE (21%) 412,54 €
Importe Total..... 2.377,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2018001258

14.32656.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE". (Expte. 2022058142)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da "Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe", cos seguintes lotes:

Lote	Denominación
Lote 1	Produtos de almacén e despensa
Lote 2	Produtos lácteos
Lote 3	Produtos conxelados
Lote 4	Produtos cárnicos e embutidos
Lote 5	Froitas e verduras
Lote 6	Produtos de pastelería e panadaría



O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de febreiro de 202, aparecendo publicado o día 8 de febreiro de 2023 (Anuncio de licitación 2023/S 028-080202), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de febreiro de 2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 9 de marzo de 2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Centro Príncipe Felipe.

Recibido informe do Centro Príncipe Felipe, de data 20 de marzo do 2023 (CSV: V4GJDR2G2ZFWZ6JN), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de marzo de 2023, acordou propor a exclusión da oferta presentada pola empresa Frutas Jofesa SL (NIF: B32446981) ao lote nº 5 (Froitas e verduras) ao non presentar ningunha ficha técnica dos produtos que forman parte do lote e polo tanto incorrer no previsto no apartado 9.1 do prego de cláusulas administrativas particulares “*se máis dun 20% dos produtos ofertados polo licitador é rexeitado por non presentarse a ficha técnica ou por no cumprir as características mínimas, a oferta dese licitador queda EXCLUÍDA*”.

Así mesmo, a Mesa de Contratación, na mesma sesión acorda presta conformidade as puntuacións acadadas polo resto das empresas licitadoras, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Frutas Nieves, SL (NIF: B36628196), para o Lote 5, e pola empresa Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083), para o Lote 6 presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos produtos que integran cada un dos lotes do contrato, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o Centro Príncipe Felipe, mediante informe de data 17 de abril de 2023 (CSV:ADD908T0FDXVBYUD), considera que a xustificación presentada polas empresas xustifican de forma correcta as súas ofertas económicas, polo que propuxo á Mesa de Contratación que foran admitidas tanto a empresa Frutas Nieves, SL (NIF: B36628196), para o Lote 5, como a empresa Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083), para o Lote 6.



De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na sesión do día 21 de abril de 2023 acordou clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación dos seis lotes do contrato a favor das seguintes empresas, polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes:

LOTE	EMPRESAS
LOTE 1	Casa Pepe Vigo, SL (NIF: B36743714)
LOTE 2	Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y)
LOTE 3	Elmar Frozen Food SLU (NIF: B27849421)
LOTE 4	Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y)
LOTE 5	Frutas Nieves, SL (NIF: B36628196)
LOTE 6	Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083)

Mediante Resolución Presidencial número 2023003296, de 24 de abril de 2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ás citadas empresas, que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

As empresas propostas presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva:

- Lote 1: Casa Pepe Vigo, SL (NIF: B36743714) con rexistro de entrada WEB2023030841 de data 08/05/2023. Garantía polo importe de 6.396,44 € (carta de pago núm. operación 202300094900 do 9/05/2023).
- Lotes 2 e 4: Miguel Angel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y) con rexistro de entrada WEB2023030740 de data 08/05/2023. Garantía polo importe de 1.302,90 € (carta de pago núm. operación 202300095157 do 8/05/2023) e 6.863,54 € (carta de pago núm. operación 202300095160 do 8/05/2023).
- Lote 3: Elmar Frozen Food SLU (NIF: B27849421) con rexistro de entrada WEB2023030070 de data 04/05/2023. Garantía polo importe de 3.804,71 € (carta de pago núm. operación 202300093412 do 4/05/2023).
- Lote 5: Frutas Nieves, SL (NIF: B36628196) con rexistro de entrada WEB2023027916 de data 25/04/2023. Garantía polo importe de 2.816,73 € (carta de pago núm. operación 202300088001 do 25/04/2023).
- Lote 6: Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083) con rexistro de entrada WEB2023029578 de data 03/05/2023. Garantía polo importe de 2.646,33 € (carta de pago núm. operación 202300092605 do 3/05/2023).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á Frutas Jofesa SL (NIF: B32446981) por non presentar ningunha ficha técnica dos produtos que forman parte do lote e polo tanto incorrer no previsto no apartado 9.1 do prego de cláusulas administrativas particulares “*se máis dun 20% dos produtos ofertados polo licitador é rexeitado por non presentarse a ficha técnica ou por no cumprir as características mínimas, a oferta dese licitador queda EXCLUÍDA*”.

2.- Adxudicar o contrato de *Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe* ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

LOTE 1 (PRODUTOS DE ALMACÉN E DESPENSA): CASA PEPE VIGO, SL (NIF: B36743714)

Nº	PRODUTO	CONSUMO MENSUAL ESTIMADO	UD	PREZO UNITARIO (SEN IVE)
1	Aceite xirasol 5 L	40	Un	14,09 €
2	Aceite xirasol 1 L	10	Un	2,18 €
3	Aceite oliva 1 L 1º	20	Un	3,98 €
4	Aceite orujo oliva, 5 lt	40	Un	16,00 €
A empresa Atende Servicios Integrados, S.L. (NIF: B-98.751.472) presenta a documentación correspondente ao requirimento, para o lote 1 do contrato, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 843,44 € (carta de pago núm. operación 202300097538, do 12/05/2023).

A empresa Inerproma Medioambiente, S.L. (NIF: B-70.115.902) presenta a documentación correspondente ao requirimento, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 887,22 € (carta de pago núm. operación 202300094402, do 05/05/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de servizo “*Mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra*” ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

EMPRESA	Lote	Prezo total ofertado sen IVE	21% (IVE)	Prezo total IVE engadido
Atende Servicios Integrados, S.L. (NIF: B98751472)	1	16.868,88 €	3.542,46 €	20.411,34 €
Inerproma Medioambiente, S.L. (NIF: B70115902)	2	17.744,40 €	3.726,32 €	21.470,72 €



O prazo de duración do contrato será dun ano desde a data sinalada no documento de formalización. Establécese a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo á as seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial, e as do ano 2024 contabilizarase na correspondente aplicación, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo:

Anualidade	LOTE 1	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2023 (7 meses)	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	11.906,62 €
2024 (5 meses)	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	8.504,72 €

Anualidade	LOTE 2	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2023 (7 meses)	Museo de Pontevedra	333.3330.213.00	12.524,59 €
2024 (5 meses)	Museo de Pontevedra	333.3330.213.00	8.946,13 €

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

A facturación realizarase trimestralmente, debéndose emitir unha factura en cada un dos lotes. A contía a facturar será o prezo de adxudicación dividido en 4 trimestres.

Mantemento correctivo:

Cando se precise adquirir pezas ou elementos da instalación que sexa preciso substituír, a Deputación de Pontevedra adquirirá as mesmas segundo os procedementos de contratación establecidos e facilitarallas á empresa adxudicataria para a súa substitución. Os conceptos de achega e conservación forman parte inclúense dentro do orzamento do contrato tal e como recolle a cláusula 3 do Prego de Prescricións Técnicas en cada un dos lotes. Non derivándose ningunha factura a maiores por parte da empresa adxudicataria.

En todo caso, a adquisición das ditas pezas non constitúen o obxecto deste contrato.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

a. Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.: 2022065212
Órgano xestor: –Centro Príncipe Felipe: LA0006112 –Museo de Pontevedra: LA0006116	Unidade tramitadora: LA0006135	Oficina contable: LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsables do contrato:

- Lote 1: Francisco Javier Couñago Magariños, Xefe de Negociado de soporte informático do Centro Príncipe Felipe.
- Lote 2: Antía Parcerro Rodal, Técnica de mantemento do Museo de Pontevedra.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



17.32659.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE TUI (Expte. 2023020005)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o Concello de Tui presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación da mesma en prazo.

4º.- Con data 2 de maio de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o Concello de Tui.

5º.- Intervención a través de informe de data 8 de maio de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao Concello de Tui un importe global de 45.104,00 € para gastos de persoal e 34.796,00 € para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 79.900,00 €, que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



18.32660.- ADXUDICACIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023 PARA O CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (Expte. 2023021817)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, para o ano 2023 (Convocatoria CSX_C/23) e foron publicadas no BOPPO núm.15 do 24 de xaneiro de 2023. O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 23 de febreiro de 2023, o Concello de Salceda de Caselas presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- O antedito Concello atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2022 e presentaron a xustificación da mesma en prazo.

4º.- Con data 8 de maio de 2023 a Xefa de Servizo de Cohesión Social e Xuventude emite informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2023 para o Concello de Salceda de Caselas.

5º.- Intervención a través de informe de data 10 de maio de 2023, informa favorablemente o expediente e constata a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para o citado concello que presentou a solicitude completa e correcta para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023.

Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2023 ao Concello de Salceda de Caselas un importe global de 39.122,00 € para gastos de persoal e 21.140,57€ para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico o que supón un total de 60.262,57 €, que se imputarán á aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial.



19.32661.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2023036366 E 2023036383)

a)

Vista a relación de facturas con número 2023036366, que contén tres facturas e por un importe de 2.594,95€, e con CSV: TKSPN0HS6RFEK5V8, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/05/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.687,93 €
Descontos do IRPF.....	92,98 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.594,95 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b)

Vista a relación de facturas con número 2023036383, que contén dezanove facturas e por un importe de 33.962,70€ e con CSV: ZMZE8JOBTVLZMR5N, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/05/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a *nulidade das obrigas*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	34.997,70 €
Descontos do IRPF.....	1.035,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	33.962,70 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



20.32662.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2023036151)

Vista a relación de facturas con número 2023036151, que contén unha factura e por un importe de 248,05 € e con CSV: I1U4SRHQ60W747DW, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 11/05/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican *anulabilidade das obrigas*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *validación*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	248,05 € €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	248,05 € €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

21.32663.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COFOCYL S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ (LOTE 2)”(Expte. 2021024876) (Devogaran 2023035372)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 17 de decembro de 2021 adxudicouse o contrato relativo a “Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé (Lote 2)” (Núm. Exp. 2021024876).

Para responder da realización deste contrato, a empresa COFOCYL, S.L. (B-47432794), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva establecida na cláusula 11 do Prego administrativo en 975,00 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100233845, de data 02/12/2021, e tras a modificación do contrato, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva por importe de 90,25€, segundo consta na carta de pagamento 202200239668 de data 23/11/2022.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación que di: “Finalizado o contrato referido a Xefa de Medio Ambiente, responsable do contrato, non comunicou ningún vicio ou defecto na realización do servizo ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, polo que, transcorrido o prazo de garantía, e, en virtude do artigo 111.2, da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións dos intereses legais correspondentes por parte do adxudicatario no caso de non devólvese sen causa xustificada.”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa COFOCYL, S.L., das garantías definitivas antes mencionadas, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Lote 2)” (Núm. Expte. 2021024846), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 975,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 2/12/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100233845.

TERCERO.- Proceder á devolución da garantía definitiva, constituída en metálico, por importe de 90,25 €, para responder da modificación do contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/11/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200239668.

22.32664.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INTURASA-PEREZ RUMBAO S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE DOUS CAMIÓN DE CABINA DOBRE, CAIXA BASCULANTE E GRÚA ARTICULADA (3576KXW E 3575KXW)”(Expte. 2018048900) (Devogaran 2023009006)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de xaneiro de 2019 adxudicouse o contrato relativo a “Subministración de dous camiões de cabina dobre, caixa basculante e grúa articulada” (Núm. Exp.2018048900).



Para responder da realización deste contrato, a empresa INTURASA-PEREZ RUMBAO S.A. (A36122174), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva establecida do 5% do prezo de adjudicación por importe de 6.400,00 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900002899 de data 08/01/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación que di: *“Finalizado o contrato o Director de Mobilidade, responsable do contrato, non comunicou ningún vicio ou defecto na realización do servizo ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, polo que, transcorrido o prazo de garantía, e, en virtude do artigo 111.2, da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións dos intereses legais correspondentes por parte do adxudicatario no caso de non devólvese sen causa xustificada.”*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa INTURASA-PEREZ RUMBAO, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “Subministración de dous camiões de cabina dobre, caixa basculante e grúa articulada para as brigadas do servizo de mobilidade da deputación de Pontevedra” (Núm. Expte. 2018048900), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ABANCA, por importe de 6.400,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 08/01/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900002899.

23.32665.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE A CAÑIZA RELATIVO AO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DUN SKATEPARK E PUMPTRACK NO CONCELLO DA CAÑIZA”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023- ANUALIDADE 2022, LIÑA 1- (Expte. 2022010846)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro



de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 2.31763, do 27/05/2022, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 289.991,08 euros, ao concello de A CAÑIZA co obxecto do financiamento do investimento “CONSTRUCION DUN SKATEPARK E PUMPTRACK NO CONCELLO DE A CAÑIZA” (exp.: 2022010846), cun orzamento que ascende a 289.991,08 euros, distribuído en dúas anualidades (anualidade 2022: 86.997,32 euros e anualidade 2023: 202.993,76 euros).

O orzamento de 289.991,08 euros inclúe 273.656,08 euros de execución de obra, 7.865,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 6.655,00 euros de honorarios de dirección de obra e 1.815,00 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

A concesión da subvención foi publicada no BOPPO núm. 108 do 07/06/2022.

En data 26/04/2023, emendado en data 03/05/2023, consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2023028259 e WEB2023029528 respectivamente, instancia do Concello de A CAÑIZA na que manifesta a necesidade de que sexa autorizado un modificado do proxecto debido a que, tal e como indica o técnico municipal, unha vez iniciada a execución da obra, obsérvase que a explanación onde se executa o proxecto presenta unha sub-base composta por terra vexetal, cascallos e restos de obra, resultando inadecuada, sendo preciso polo tanto asegurar unha sub-base máis estable sen restos de cascallos e diminuír o espesor de terra vexetal.

Neste contexto, o concello achega o proxecto modificado aprobado, adaptado a nova situación, que reflexa un incremento no importe inicial do orzamento de execución de obra pasando a ser 324.267,22 euros. Este incremento de 50.611,14 euros será financiado con fondos propios do concello.

O modificado, pola súa parte, non altera o importe da subvención inicialmente concedida que importa 289.991,08 euros, sendo o seu novo orzamento total de 340.602,22 euros, que será financiado segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achega outra Administración	Fondos propios do Concello -€
2022	86.997,32	86.997,32	0,00	0,00
2023	253.604,90	202.993,76	0,00	50.611,14
TOTAL	340.602,22	289.991,08	0,00	50.611,14

O novo orzamento de 340.602,22 euros inclúe 324.267,22 euros de execución de obra, 7.865,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 6.655,00 euros de honorarios de dirección de obra e 1.815,00 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento poida ser executado nos termos establecidos polo concello.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.



- Base 20ª do Plan Concellos 2022-2023 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e pola Deputación. Non obstante, só se admitirán a trámite modificados que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE EXCLUIDO.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 28/04/2023, da Xefa do Servizo de Cooperación de data 04/05/2023 e do informe favorable da Intervención Provincial de data 12/05/2023, que conclúen favorablemente a modificación do acordo de concesión e a autorización do proxecto modificado, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO: Autorizar o proxecto modificado aportado polo *Concello de A Cañiza* en data 26/04/2023 con rexistro WEB2023028259 do investimento denominado “*Construcion dun skatepark e pumptrack no Concello de A Cañiza*” (Expte. 2022010846), cun orzamento total de 340.602,22 euros, permanecendo invariable a subvención outorgada de 289.991,08 euros, quedando distribuído segundo a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achega outra Administración	Fondos propios do Concello -€
2022	86.997,32	86.997,32	0,00	0,00
2023	253.604,90	202.993,76	0,00	50.611,14
TOTAL	340.602,22	289.991,08	0,00	50.611,14



- O proxecto modificado non altera a finalidade nin o obxecto da subvención, pero implica variación no seu orzamento. O novo orzamento total de 340.602,22 euros inclúe 324.267,22 euros de execución de obra, 7.865,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 6.655,00 euros de honorarios de dirección de obra e 1.815,00 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Cañiza*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

24.32666.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA HUMANIZACIÓN DA RÚA ARCEBISPO LAGO”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021, CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (Expte.2021017907)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

Mediante acordo plenario núm. 4.7875 de 28 de outubro de 2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31 de outubro de 2022), prorrogase o prazo do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, para solicitar as subvencións por reinvestimento de baixas ou cambios de finalidade, ata o 31 de maio de 2023, o de execución dos investimentos ata o 31 de setembro de 2023 e o de xustificación dos investimentos ata o 31 de outubro de 2023.

Mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, núm.2.30777, de data 20/09/2021, concedeuse ao Concello de Vilagarcía de Arousa no marco do Plan Concellos 2021, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 384.990,02 euros con destino ao financiamento do investimento “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA HUMANIZACIÓN DA RÚA ARCEBISPO LAGO” (Expte.:2021017907), cun orzamento polo importe de 636.435,80 euros.



En datas 08/11/2022, 28/11/2022 e 30/12/2022, dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación, oficio do concello de VILAGARCÍA DE AROUSA no que adxunta documentación xustificativa do gasto efectuado (certificacións de obra nº 1, 2, 3, 4 e 5), por importe de 559.361,33 euros, relativa ao investimento “PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARCEBISPO LAGO” e solicita o libramento da parte proporcional do importe xustificado que ascende a 338.366,46 euros; fiscalizado e conformado pola Intervención Provincial en data 10/02/2023.

Obra no expediente certificado da Secretaria do Concello do acordo, da Xunta de Goberno Local de data 24/05/2022, de adxudicación do contrato da obra por importe de 559.554,36 euros (IVE incluído) á empresa Prace, Servizos e Obras, S.A., xerando unha baixa na adxudicación de 76.881,44 euros (12,079999%).

En data 11/01/2023, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación (WEB2023001573), instancia xenérica do Concello de Vilagarcía de Arousa no que adxunta o proxecto modificado do investimento “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA HUMANIZACIÓN DA RÚA ARCEBISPO LAGO” cun orzamento de execución por contrata de 763.612,29 euros (IVE incluído), Resolución de Alcaldía de data 30/12/2022 de aprobación do proxecto modificado, cun prezo de adxudicación (IVE incluído) de 671.367,93 euros, o que supoñe un incremento de 111.813,57 euros sobre o importe de adxudicación (IVE incluído) que irá con cargo á parte proporcional da baixa de adxudicación e o resto con cargo ao orzamento municipal. A dirección facultativa fai constar que durante a execución da obra se constata que o estado da rede de saneamento é defectuoso, as modificacións propostas afectan á renovación da rede de saneamento.

En data 08/05/2023, o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

O proxecto modificado implica variación no importe do orzamento de adxudicación que pasa de 559.554,36 euros a 671.367,93 euros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Acordo plenario núm. 4.7875 de 28 de outubro de 2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31 de outubro de 2022)

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Base 20ª do Plan dos Concellos 2021, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Admitiranse a trámite modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa no financiamento do proxecto modificado.
- Acordo plenario núm. 4.7875 de 28 de outubro de 2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), que estende o prazo para solicitar investimentos por reinvestimento de baixas ata o 31/05/2023, o de execución ata o 31 de setembro de 2023 e o de xustificación ata o 31 de outubro de 2023.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 09/05/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/05/2023, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 11/05/2023 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado e de execución da obra “*Proxecto básico e de execución da humanización da Rúa Arcebispo Lago*” (Expte.:2021017907) cun orzamento de adxudicación por importe de 671.367,93 euros, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021, poida se executado nos termos establecidos polo concello, quedando o cadro do financiamento da devandita obra tal e como se reflicte deseguido:

Anualidade	Orzamento modificado, €	Subvención, €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, €
2021	671.367,93	384.990,02	286.377,91



- Asemade, conforme o acordo plenario núm. 4.7875 de 28/10/2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), que aproba a prórroga do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar executado a 30/09/2023 e xustificado, na súa totalidade, a 31/10/2023. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

25.32667.- CAMBIO DE DIRECCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOLÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TREITO II (O ROSAL)” (Expte. 2022047518)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o 14/04/2023 acordou nomear directora da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”, á enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dna. María del Mar González Estévez.

Resultando.- Que mediante escrito de data 10/05/2023 (CSV) ZD1J42503DC1NA67, o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”, pasando a exercer dita labor a enxeñeira adscrita ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dna. Andrea Otero Otero, por motivos de organización do departamento técnico e por reincorporación desta última dunha baixa laboral,

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Autorizar o cambio de dirección da obra, deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo, o nomeamento de Dna. María del Mar González Estévez.
2. Nomear director de obra a Dna. Andrea Otero Otero, enxeñeira do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



26.32668.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN RECREATIVO-CULTURAL DE VELA TRADICIONAL REMADOIRA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA DORNA SAMPÍ”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 12/08/2022 (EXPTE. 2022037596)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 12 de agosto de 2022, unha subvención a favor da *Asociación Recreativo-Cultural da Vela Tradicional Remadoira*, con CIF: G36936144, para a recuperación e posta en valor da dorna "Sampi", por un importe de 3.584,02€, con cargo á aplicación 23/332.3322.789.01.2022, e recibido escrito da entidade interesada na sede electrónica, con data 08 de maio de 2023 (núm. de rexistro WEB2023030886), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día por non acadar os obxectivos na execución das obras obxecto da axuda, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta a dita renuncia e declara concluso o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

27.32669.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CORAL POLIFÓNICA ANDURIÑA DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “XV FESTIVAL INTERNACIONAL DE CANTO CORAL E HABANERAS DE CORUXO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Exppte. 2022019013)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asoc Coral Polifonica Anduriña* con CIF: G-36.898.708, do *Concello de Vigo*, por un importe de 1.842,81 €, para a “XV Festival internacional de canto coral y habaneras de Coruxo” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 08/05/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

28.32670.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA GUARDA, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Exppte.2023004683)

ANTECEDENTES

1. O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)”, que recolle



os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.

2. Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 27 de xaneiro de 2023, punto núm. 24.32164, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
3. No caso do *Concello da Guarda*, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DA GUARDA				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	<i>2 axudantes camión lixo a xornada completa durante 8 meses; 10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 7 meses; 1 conserxe e 1 animador/a sociocultural a xornada completa durante 6 meses</i>	158.749,66 €	931,74 €	157.817,92 €

4. O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2023030761 do 08/05/2023 solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesidade de reaxustar as categorías profesionais, debido a que non se puido formalizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente, concretamente a de 1 animador/a sociocultural por non superar ningún dos candidatos as probas de selección.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.



- Base Sexta do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da Liña 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base Cuarta do Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar as categorías profesionais debido a que non se puido formalizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente, concretamente a de 1 animador/a sociocultural, o interesado solicita modificar unha das categorías profesionais e o importe do orzamento con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DA GUARDA				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	<i>2 axudantes camión lixo a xornada completa durante 8 meses; 10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 7 meses; 1 conserxe e 1 auxiliar cultural a xornada completa durante 6 meses</i>	158.163,36 €	345,44 €	157.817,92 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 27 de xaneiro de 2023, punto núm. 24.32164, no referente á axuda concedida ó *Concello da Guarda*, CIF núm. P3602300J, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Guarda, A (P3602300J)	14	<i>2 axudantes camión lixo a xornada completa durante 8 meses; 10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 7 meses; 1 conserxe e 1 auxiliar cultural a xornada completa durante 6 meses</i>	157.817,92 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 7T411AWS6BJH6HGP) e do informe de Intervención (CSV: TAVVQPM0WIIG5CB6), elévase á Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 27 de xaneiro de 2023, punto núm. 24.32164, no referente á axuda concedida ó *Concello da Guarda*, CIF núm. P3602300J, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Guarda, A (P3602300J)	14	<i>2 axudantes camión lixo a xornada completa durante 8 meses; 10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 7 meses; 1 conserxe e 1 auxiliar cultural a xornada completa durante 6 meses</i>	157.817,92 €



Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo do anticipo correspondente conforme ás novas condicións da subvención reformulada.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

29.32671.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2022071541)

ANTECEDENTES

1. O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAIIS, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
2. Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 14.32493, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



3. No caso do Concello de Caldas de Reis, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CALDAS DE REIS				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	<i>2 condutores/as maquinistas, 2 oficiais de 1ª albaneis, 3 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses</i>	174.274,18 €	4.966,05 €	169.308,13 €

4. O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2023025920 do 17/04/2023 (corrixido en data 10/05/2023 con núm. WEB2023031367) solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesidade de reaxustar as categorías profesionais, debido a que non se puido formalizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente, concretamente a de 1 condutor maquinista.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Sexta do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da Liña 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base Cuarta do Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique



adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar as categorías profesionais debido a que non se puido formalizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente, concretamente a de 1 condutor maquinista, o interesado solicita modificar unha das categorías profesionais e o importe da subvención e do orzamento con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CALDAS DE REIS				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	<i>1 condutor/a maquinista, 2 oficiais de 1ª albaneis, 3 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 condutor/a en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses</i>	172.250,58 €	4.126,05 €	168.124,53 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 14.32493, no referente á axuda concedida ó Concello de Caldas de Reis, CIF núm. P3600500G, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3600500G)	10	<i>1 condutor/a maquinista, 2 oficiais de 1ª albaneis, 3 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 condutor/a en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses</i>	168.124,53 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: LYI8FBKAK4XAMZZU) e do informe de Intervención (CSV: OTW9Z6A9SVLFJU9O), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 14.32493, no referente á axuda concedida ó *Concello de Caldas de Reis*, CIF núm. P3600500G, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3600500G)	10	<i>1 condutor/a maquinista, 2 oficiais de 1ª albaneis, 3 peóns de obra pública, 2 peóns de limpeza e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 1 condutor/a en xornada de 30 h./sem. durante 8 meses</i>	168.124,53 €

Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo do anticipo correspondente conforme ás novas condicións da subvención reformulada.

O importe sobranse non aplicado á Liña 3 tras esta modificación, poderá destinarse á Liña 1 nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude, xunto a restante documentación pertinente, unha vez notificado o acordo de modificación da concesión.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



30.32672.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DA CAÑIZA” (Expte. 2022049711)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 5002, que transcorre polo Concello de A Cañiza e que ten unha lonxitude de 12.770 metros e comunica os núcleos de A Cañiza e Mouretán.

Resultando.- Que as obras que se pretenden realizar, están encamiñadas ó acondicionamento da estrada EP-5002 entre os núcleos de As Achas e a Ponte, ó longo duns 560 metros, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil. Previamente ó inicio das obras é preciso proceder á demolición dos pavimentos existentes que non sexan compatibles coa nova solución proxectada e dos muros de fábrica, bordos e cunetas revestidas que entren non ámbito da actuación, así coma ó fresado do firme nos entronques. Tamén se procederá á retirada de varandas e barreiras, sinais, etc. e á adaptación de pozos de rexistro e arquetas á cota da nova rasante.

Resultando.- Que con data 20 de xuño de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de A Cañiza, convenio de colaboración para a execución da obra “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza” por importe de 411.015,58 €.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de A Cañiza mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	287.710,91 €	70
Concello A Cañiza	123.304,67 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	411.015,58 €	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito á empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGOS, S.A. D. Pablo Blanco Ferreiro, o proxecto de execución da obra “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza” cun orzamento base de licitación de 411.015,58 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) GZTRHJD0WOG5NAIE.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC con número 202300007773 e 202300022901, por importes de 324.702,31 € e 86.313,27 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2022 e 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”

Resultando.- Que tamén constan no expediente autorizacións da dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (CSV 59RBI6LOK3RUH4NJ), por atravesar a actuación a contorna de protección da Ponte das Achas e do peto de ánimas da ponte, e autorización da Confederación Hidrográfica do Miño Sil (CSV EZQOA068URO4VDS3), por desenvolverse o proxecto na zona de policía do río Deba e do regato da Ponte das Achas.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 01/04/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”, redactado pola enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 411.015,58 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) GZTRHJD0WOG5NAIE.

Resultando.- Que no anexo nº8 do proxecto aprobado, relativo á reposición de servizos afectados recóllese que execución das obras require o paso de aéreo a soterrado dunha liña de enerxía eléctrica en baixa tensión e a reposición de 5 postes de formigón, afección que se deberá tramitar coa empresa privada Naturgy.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 03/03/2023 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 30/03/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L..

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avallaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, con data 10/04/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	A memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00



A Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/04/2023 en base ó informe enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, de data 10/04/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	264.390,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	313.458,82 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	332.548,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	337.338,49 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

En virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L, presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adjudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/04/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Valoración Económica	Prazo de Garantía	Control Calidade	Certificados 9001/14001	Puntuación Sobre “B”
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	25,75	5,00	5,00	5,00	40,75
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	7,88	5,00	5,00	5,00	22,88
NAROM, S.L.	2,59	5,00	5,00	5,00	17,59



De conformidade coa clasificación aprobada, a Casa Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., por un importe de 379.285,17 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 15.672,94 € segundo queda acreditado en carta de pago nº 202300098217 de data 15/05/2023.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE SA (A82876905) o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)” prorrogado en dúas ocasións e vixente a segunda prórroga ata o 21/01/2024.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE SA para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”, por un importe estimado de 3.427,22 €.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 17/02/2023 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/38, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300030452.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Excluir a empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza" por un importe de 379.285,17 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	313.458,82 €
IVE (21%)	65.826,35 €
Importe Total.....	379.285,17 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, María del Mar González Estévez.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 e 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022049711.

4. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE SA (A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra " Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza" por un importe de 3.427,22 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	2.832,41 €
IVE (21%)	594.81 €
Importe Total.....	3.427,22 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023004523.



31.32673.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA “EP-7203, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 0+380. SOUTELO DE MONTES (FORCAREI)”. (Expte. 2022045200)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP-7203 Soutelo–Covas, que transcorre polo concello de Forcarei e que ten unha lonxitude de 9.762 m.

Resultando.- Que na actualidade, o tramo comprendido entre o p. q. 0+000 e o p. q. 0+380 da EP-7203 Soutelo–Covas necesita unha actuación de mellora da seguridade viaria co fin de crear un itinerario peonil que comunique o centro urbano de Soutelo de Montes co entorno da igrexa parroquial de Santa María Madanela de Montes, que se atopa, a maiores, nunha zona con edificacións consolidadas nas marxes da estrada, e cun número importante de peóns que acoden diariamente á igrexa ou ao centro urbano de Soutelo de Montes polo medio da estrada provincial, co risco e inseguridade viaria que iso produce ao non existir unha área reservada para peóns no tramo indicado)”.

Resultando.- Que con data 23/06/2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei, convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)”

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Forcarei mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	242.076,72 €	70
Concello de Forcarei	103.747,17 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	345.823,89	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro José Ángel Núñez Ares, adscrito á empresa CONSULTORES AIN ACTIVE, o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)” cun orzamento base de licitación de 345.823,89 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) V0P7DA9X7LLE2HQ7.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)”

Resultando.- Que constan no expediente as preceptivas autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia (CVE: nz3Owb3AD9), autorización de Augas de Galicia (CVE XxCmdA65h0), e autorización da Unidade de Estradas do Estado, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (CSV MFOM02S3752A6A2053C9F417572B).

Resultando.- Que consta no expediente certificado do secretario do Concello de Forcarei no que se acredita a posta a disposición da Deputación de Pontevedra dos terreos necesarios para a execución do investimento (CSV: 67K2WHRNGM2GJ5XRHDQFMHC4Y).

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 345.823,89 € con número de operación 202300006550, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/02/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)” polo enxeñeiro José Ángel Núñez Ares, adscrito á empresa CONSULTORES AIN ACTIVE, cun orzamento base de licitación de 345.823,89 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) V0P7DA9X7LLE2HQ7.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/03/2023 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)”.



Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/04/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola, con data 24/04/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	20,00	3,00	23,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/04/2023 en base ó informe do enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Jaime Ruibal de Sola, de data 24/04/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.



Na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	270.457,15 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	278.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	284.232,94 €	3%	36 MESES	SI	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na mesma reunión, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	Certificados 9001/14001	Puntuación sobre “B”
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	18,23	5,00	5,00	5,00	33,23
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	9,99	5,00	5,00	5,00	24,99
NAROM, S.L.	2,01	5,00	5,00	5,00	17,01

En base ás puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)” que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	23,00	33,23	56,23
2	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	18,00	24,99	42,99
3	NAROM, S.L.	18,00	17,01	35,01

De conformidade coa clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento



aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)” á empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. por un importe de 327.253,15 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 3746) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 13.512,66 € segundo queda acreditado en carta de pago nº 202300096392 de data 11/05/2023.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”, prorrogado en dúas ocasións e vixente a segunda prórroga ata o 21/01/2024.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)”, por un importe estimado de 2.377,00 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 16/02/2023 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/47, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300029947.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. (CIF B36816189) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)" por un importe de 327.253,15 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	270.457,15 €
IVE (21%)	56.796,00 €
Importe Total.....	327.253,15 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Eduardo Artime Rial.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución. Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022045200.



3. Adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (A28171288) o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)" por un importe de 2.377,00 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.964,46 €
IVE (21%)	412,54 €
Importe Total.....	2.377,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2022053493

32.32674.- SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 2.32029 DO DÍA 05/08/2022, POLO QUE SE CONCEDEU UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 (ANUALIDADE 2022), AO INVESTIMENTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DOS ACCESOS AOS EQUIPAMENTOS DE BARCIADEMERA”, POR CAMBIO DO PROXECTO (Expte: 2022011676)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.



En data 05/08/2022, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32029 concedeuse ao concello de Covelo, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención polo importe de 193.678,89 euros, distribuída en dúas anualidades, para a actuación “*Mellora da accesibilidade e humanización dos accesos aos equipamentos de Barciademera*”, cun orzamento polo mesmo importe, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	84.328,77	84.328,77	
2023	109.350,12	109.350,12	-----
Total	193.678,89	193.678,89	

A concesión da subvención se fixo condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica do Miño Sil e do Servizo de Infraestruturas e Mobilidade da Deputación de Pontevedra, así como, á remisión da acta de trazado previo e o certificado de aprobación do proxecto.

Mediante rexistro WEB2023028410 de data 27/04/2023, o *Concello* manifesta que se ve avocado a reformular o proxecto orixinal ao seguir as prescricións da Confederación Hidrográfica do Miño Sil e do Servizo de Infraestruturas e Mobilidade da Deputación de Pontevedra. Emporiso presenta un novo proxecto técnico que substitúe o que rexeu no seu momento a concesión e a súa aprobación por Decreto de Alcaldía número 2023-0184 de data 21/04/2023.

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

A presente actuación contan co informe de supervisión favorable do facultativo técnico de Cooperación cos Municipios de data 04/05/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.



- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación, de data 04/05/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 09/05/2023 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 16/05/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32029 de data 05/08/2022, no sentido de substituír o proxecto técnico do investimento “*Mellora da accesibilidade e humanización dos accesos aos equipamentos de Barciademera*” (expediente: 2022011676), aportado polo concello de Covelo e que figura no expediente polo achegado en data 27/04/2023, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan concellos 2022-2023 poida ser executado nos termos establecidos polo Concello.
- O novo documento técnico non altera o orzamento nin a finalidade pretendida, se presenta antes de que remate o prazo de execución e xustificación das obras acollidas no Plan Concellos 2022-2023 e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32029 de data 05/08/2022, permanece invariable coa excepción dos condicionantes (autorizacións sectoriais, decreto de aprobación do documento técnico e acta de trazado previo) que se constatan coa presentación do novo documento técnico.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Covelo, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

33.32675.- PRESTAR CONFORMIDADE AOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN QUE DEFINEN E COMPLETAN OS BÁSICOS DE OBRA RELATIVOS AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A REFORMA E ADECUACIÓN DAS OFICINAS MUNICIPAIS NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA RÚA MICHELENA NÚMERO 30” (Expte. 2020022821)

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 4.28925 de 29/05/2020 aprobouse o “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a reforma e adecuación das oficinas municipais no edificio administrativo da rúa Michelena número 30”.



O importe total do convenio ascende a 528.619,98 € e subvencionando a Deputación o 100% do orzamento. En datas 18/05/2020 e 15/12/2020 asináronse as actas de comprobación de replanteo con resultado favorable da planta baixa e da segunda planta, respectivamente.

O 02/06/2020 asinouuse o citado convenio co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar, de xeito pormenorizado, as obrigas das partes. A concesión da subvención publicouse no BOPPO núm. 151 de 07/08/2020.

En data 09/06/2021 e 27/12/2021 (núm. de rexistros 2021014735 e 2021031054, respectivamente) o concello achegou os proxectos de execución que definen e completan os básicos ao tratarse dun expediente tramitado por emerxencia, motivado pola necesidade das obras derivadas da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O facultativo técnico do Servizo de Cooperación, en data 24/01/2022, emitiu informes de control e supervisión da xustificación do investimento (CSV:1JJ0CSDXV2JPPP7W e 10NFMETYVVXB7Y8C), nos que se sinala que se comprobou a execución dos investimentos certificados, e a xefa do Servizo de Cooperación emitiu informe favorable (CSV: TASSPMTFJ3JRIP4L).

En data 15/05/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable (CSV: BLUELPOOMBKNKDZLX).

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o ano 2023
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)



- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a Reforma e adecuación das oficinas municipais no edificio administrativo da rúa Michelena núm. 30

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das bases de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- Artigo 120 da LCSP, que regula a tramitación de emerxencia.
- Cláusula 4º do Convenio, relativa a compromisos do Concello.

Competencia para resolver:

- De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na base 16ª.2.c) de execución do orzamento provincial, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



CONCLUSIÓN

O Concello tramitou en prazo e forma o oportuno expediente de emerxencia motivado pola necesidade das obras derivadas da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Os proxectos de execución definen e completan aos básicos inicialmente supervisados polo Servizo de Cooperación e non alteran nin a finalidade nin o obxecto para o que se concedeu a axuda económica da Deputación.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, e os informes favorables do facultativo técnico de Cooperación (CSV:1JJ0CSDXV2JPPP7W e 10NFMETYVVXB7Y8C), da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: TASSPMTFJ3JRIP4L) e da Intervención (CSV: BLUELPOOMBKNKDZLX), Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ós proxectos de execución que definen e completan os básicos das obras ao abeiro do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a reforma e adecuación das oficinas municipais no edificio administrativo da rúa Michelena número 30 ”
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia

34.32676.- COMUNICACIÓNS:

Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa pola Asesoría Xurídica da Deputación de Pontevedra:

SENTENZAS FAVORABLES

Recursos Humanos:

- 1) *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento abreviado número 108/22, promovidos por Estefanía Ferreiros Gómez sobre materia de persoal (Expte.2022036342).*

Dada conta que con data 29 de marzo de 2023 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 108/22, promovidos por *Estefanía Ferreiros Gómez* contra Resolución Presidencial de data 24/3/22, desestimatoria da reclamación formulada pola demandante na que interesaba o seu nomeamento como oficiala de comedor no Centro Príncipe Felipe) na que se desestima dita demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



- 2) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 111/22 promovidos por Eduardo de la Campa Vázquez sobre materia de persoal. (Expte.2022060917)*

Dada conta que con data 28 de abril de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 27/04/23 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 111/22 promovidos por *Eduardo de la Campa Vázquez* contra a resolución presidencial de data 10/02/22, mediante a cal se resolveu o expediente disciplinario aberto contra o recorrente, en cuxa virtude se lle impuxeron seis meses de suspensión das súas funcións pola comisión de tres faltas graves previstas e tipificadas na Lei de emprego público de Galicia) na que se desestima a demanda, evitándose así o pago de 8.778,00 € de retribucións a devolver no caso de estimación do recurso, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Responsabilidade Patrimonial:

- 3) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 261/22 promovidos por Marta Francisco Márquez sobre reclamación responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na EP-5003 A Cañiza-Arbo (PO-400) no termo municipal de Arbo. (Expte.2022060714)*

Dada conta que con data 28 de abril de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 26 de abril pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 261/22 promovidos por *Marta Francisco Márquez* sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 4.410,06 € por danos no vehículo a causa do accidente sucedido mentres circulaba pola E.P. 5003 de A Cañiza a Arbo (PO-400) a altura do P.K. 12,05, ó chocar contra unha árbore de grandes dimensións caído sobre a vía que ocupaba todo o seu ancho, sinistro sucedido o día 29/10/21 no termo municipal de Arbo) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

AUTOS FAVORABLES

Recursos Humanos:

- 4) *Auto do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra ditado nas Dilixencias Previas nº 226/22, promovidas Jeane Alves dos Santos, sobre delito de coaccións. (Expte.2022027591).*

Dada conta que con data 24 de marzo de 2023 tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra (recaído nas Dilixencias Previas-Proc. Abreviado nº 226/22 a raíz de denuncia formulada por *Jeane Alves dos Santos* contra dúas funcionarias adscritas ó Centro Príncipe Felipe por un delito de coaccións) no que se decreta o sobresemento provisional da presente causa, procedéndose , unha vez firme, ó arquivo das presentes dilixencias ó non ser constitutivo de delito os feitos relatados polo denunciante e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.



Dito Auto é, no intre de formular a presente proposta, susceptible dos recursos de reforma e subsidiario de apelación.

Á Xunta de Goberno, que queda enterada do contido favorable do citado Auto, daráselle conta, no momento procedimental pertinente, da firmeza ou non da meritada resolución xudicial, cuxa contía, a tenor dos criterios de honorarios dos Ilustres Colexios de Avogados de Galicia é de 4.720,00 €

- 5) *Auto do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra, ditado nas Dilixencias Previas nº 264/20, promovidas Remedios Pérez González, sobre delito de acoso. (Expte.2020053752)*

Dada conta que con data 30 de marzo de 2023 tivo entrada nesta Deputación auto de data 1/2/23 do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra (recaído nas Dilixencias Previas nº 264/20, promovidas por Remedios Pérez González, sobre solicitude de prórroga de instrución da causa solicitado pola representación da denunciante de data de 14/12/22) no que se denega a mesma por un prazo adicional de seis meses, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado auto.

Cooperación:

- 6) *Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª ditado no Recurso de Apelación nº 7017/23, dimanante do procedemento ordinario nº 76/22, promovido polo Concello de O Porriño, sobre concesión de subvención. (Expte.2022066219)*

Dada conta que con data 11 de abril de 2023 tivo entrada nesta Deputación Auto aclaratorio da sentenza de data 24/2/23 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 3ª (recaído no Recurso de Apelación nº 7017/23, dimanante do procedemento ordinario 76/22, promovido polo *Concello de O Porriño*, contra o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 25 de febreiro de 2022 polo que se inadmitiu a trámite por extemporáneo o recurso de reposición interposto polo concello do Porriño contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial na sesión extraordinaria do día 17 de decembro de 2021, que excluíu ó citado Concello do procedemento de concesión das subvencións ao amparo da convocatoria do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación POSTCOVID 19. *Programa Reapton*, por non acadar o mínimo de 50 puntos, que estimaba a demanda, ordenando anular a resolución impugnada e acordando a retroacción das actuacións ós efectos de que a Deputación dite novo acordo polo que, examinados os motivos de fondo, resolva de conformidade a dereito) no que se acorda acoller a pretensión formulada polo ente provincial nunha vez advertido o erro que se recollía no fundamento de dereito terceiro da meritada sentenza, non senso de que se lle impoñían as custas de apelación a este na cantidade de 1.000,00 €, subsanando a parte dispositiva da sentenza de data 24/2/23 para indicar que a desestimación do recurso de apelación interposto pola Deputación Provincial de Pontevedra non conleva a imposición de custas.

Dito Auto non é recorrible, pero indica que o prazo para interpor o correspondente recurso de casación contra a sentenza de data 24/2/23 comezará a computarse dende o día seguinte a notificación do



citada Auto, é dicir, o 12/4/23, o que serve para ampliar o prazo para a preparación do recurso de casación ante o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en virtude do escrito xa confeccionado pola Asesoría Xurídica.

Á Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable, a efectos de prazo, do citado Auto.

Oral

- 7) *Auto do Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra, recaído na Executoria nº 91/21 dimanante dos autos de Procedemento Abreviado núm. 218/20 promovidos contra Sergio González Rey por un delito de danos en bens públicos e allanamento de domicilio de persoas xurídicas e establecemento aberto ó público.*

Dada conta que con data 25/4/23 ten entrada nesta Deputación Provincial Auto de data 24/4/23 (ditado polo Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra recaído na Executoria nº 91/21 dimanante do procedemento abreviado 218/20, promovidos contra *Sergio González Rey* por un delito de danos en bens públicos e allanamento de domicilio de persoas xurídicas e establecemento aberto ó público, en concreto oficinas do ORAL en Pontevedra, en cuxo procedemento ordinario mediante sentenza de data 10/3/21 resultou condenado como autor criminalmente responsable dun *delito continuado de danos*, en concurso medial cun *delito de violación de oficina de persoas xurídicas públicas*, ás penas de *nove meses de prisión*, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, e *multa de nove meses* cunha cota diaria de tres euros, facendo un total de *oitocentos dez euros*, apercibíndolle de que en caso de falta de pagamento quedará suxeito a unha responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas diarias de multa non satisfeitas, solicitándose polo condenado a revogación da suspensión da execución da pena imposta) no que se acorda que non ha lugar a mesma, toda vez que o denunciante volveu delinquir dentro do período establecido e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado auto.

SENTENZAS DESFAVORABLES

Recursos Humanos:

- 8) *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento abreviado número 367/21, promovidos por Julio Manuel Vázquez Martínez sobre reclamación de cantidade. (Expte.2021056153).*

Dada conta que con data 30 de marzo de 2023 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 367/21, promovidos por *Julio Manuel Vázquez Martínez* contra a resolución de data 02/08/2021 do Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda, Novas Tecnoloxías e Oral, estimatoria parcial do recurso de reposición formulado contra a resolución denegatoria da solicitude de abono dos gastos de defensa e representación do recorrente, no proceso penal seguido como Dilixencias Previas nº 3.890/13 do Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, polos presuntos delitos de prevaricación, tráfico de influencias, suborno, falsidade documental, alteración de prezos en concursos públicos e negociacións prohibidas a funcionarios, transformadas máis tarde en Dilixencias Previas nº 2532/2017 por delito de falsidade documental, que resultaron arquivadas por sobresemento libre por Auto da Audiencia



Provincial, nº 324/2019, de data 16 de maio de 2019) na que se estima dita demanda, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

Cooperación:

- 9) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 4380/22, dimanante do procedemento ordinario nº 142/21, promovido polo Concello de Rodeiro, sobre concesión de subvención. (Expte.2022059433)*

Dada conta que con data 2 de maio de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª (recaída no recurso de apelación núm. 4380/22, promovido polo *Concello de Rodeiro* contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 13 de setembro de 2022, ditada no procedemento ordinario nº 142/21, contra o acordo de data 12 de febreiro de 2021 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, desestimatorio da súa solicitude de ampliación ou prórroga do prazo de execución e xustificación da subvención concedida para a obra “Urbanización da Praza de Oseira envolvente” con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 Liña 1, anualidade 2018) que estimaba a demanda, ordenando anular o acordo impugnado, declarando o dereito do Concello de Rodeiro á ampliación do prazo concedido para a terminación da obra subvencionada, ata o 31 de xullo de 2021) na que desestima o recurso presentado pola administración provincial, ratificando a ditada en primeira instancia.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da devandita sentenza, acorda a non interposición de recurso algún e, así mesmo, a incoación das modificacións orzamentarias a que houberse lugar para executar a mesma ó mais breve prazo e no entendemento de que o Concello de Rodeiro dispón dun mes para a presentación da xustificación da finalización de obra subvencionada.

35.32677.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

